

Lingua galega e literatura

As linguas na Península ibérica



IES Lamas de Abade
Curso 2023 / 2024

A diversidade lingüística no Estado español

No Estado español conviven **sete** linguas, **catro** oficiais e **tres** non oficiais.

Oficial en todo o Estado: castelán

Cooficiais: galego, catalán, éuscaro e aranés (Cataluña)

Non oficiais: aragonés, asturiano

A diversidade lingüística no Estado español



A diversidade lingüística no Estado español

Imposición do castelán que levou á marxinación e estigmatización daquelas linguas diferentes ao castelán.



A diversidade lingüística no Estado español

Imposición do castelán que levou á marxinación e estigmatización daquelas linguas diferentes ao castelán.

A actual Constitución española establece un réxime lingüístico favorable ao castelán:

Artigo 3. O castelán é a lingua española oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito de usala.

Nos Estatutos de Autonomía...

A diversidade lingüística no Estado. Catalán

Cooficiais: galego, catalán, éuscaro e aranés (Cataluña)

Conta cuns 9 millóns de falantes, é falado en Cataluña, en Baleares, na Comunidade Valenciana e na Franxa aragonesa (e noutros territorios como Andorra, o Roselló francés ou Sardeña).

É entendido por máis do 90 % dos habitantes de Cataluña, Baleares ou a Comunidade Valenciana, a cifra descende no resto dos lugares.

A diversidade lingüística no Estado. Catalán

Téñeno como idioma habitual máis do 50 % da poboación de Cataluña e Baleares e o 40 % na Comunidade Valenciana.

A súa historia corre bastante parella á do galego.

A diversidade lingüística no Estado. Catalán

- Tradición literaria desde o século XII.
- Decadencia do catalán, catalanofobia (XVI, XVII e XVIII).
- Comezou a ser perseguido no seu uso cos Decretos de Nueva Planta de Filipe de Borbón (S. XVIII).
- Prodúcese a Renaixença literaria no S. XIX.
- Durante a II República a normalización conságrase legal e socialmente (Estatut, Generalitat, cooficialidade...)

A diversidade lingüística no Estado. Catalán

- Durante o franquismo esta lingua é perseguida.
- A partir dos anos 60 amplía os seus usos.
- Coa democracia e a autonomía recupera o carácter de lingua oficial e gaña espazos.



A diversidade lingüística no Estado. Éuscaro

Cooficiais: galego, catalán, éuscaro (Euskadi e nalgunhas zonas de Nafarroa) e aranés.

A orixe aínda é hoxe un misterio.

Conta cuns 750.000 mil falantes, é falado en Euskadi, Nafarroa e no Iparralde.

A porcentaxe de falantes é moi desigual, en Euskadi, calcúlase que son bilingües case o 40 % da poboación; mentres que en Nafarroa só o 26 % ten algún coñecemento do éuscaro.

A diversidade lingüística no Estado. Éuscaro

Os seus primeiros textos datan do S. XVI. As súas primeiras gramáticas e dicionarios son do XVIII.

En 1919 fundouse a Euskaltzaindia, e desde 1968 dispónse dunha variedade estándar (euskara batua).



EUSKALTZAINDIA

REAL ACADEMIA DE LA LENGUA VASCA
ACADÉMIE DE LA LANGUE BASQUE

A diversidade lingüística no Estado. Éuscaro

No S. XIX era usado pola metade da poboación, mais as políticas de marxinação do Estado español e francés e a gran cantidade de inmigrantes castelán-falantes fixo que o seu número se reducise.

Actualmente estase a recuperar grazas á reivindicación social e á planificación normalizadora.

O grao de coñecemento aumenta a medida que nos achegamos ás idades máis temperás (o 75 % en menores de 15 anos domínao).

A diversidade lingüística no Estado. Asturiano

Non oficiais: aragonés e asturiano.

Conta cuns 700.000 mil falantes, é falado en Asturias, León e Zamora. Fóra do Estado tamén se fala en Miranda do Douro (Portugal, onde é coñecido como mirandés).

O seu Estatuto sinala que esta lingua será protexida e cuxo uso será promovido.

A diversidade lingüística no Estado. Asturiano

En 1998 aprobouse a Lei de Uso e Promoción do asturiano que recoñeceu o dereito da cidadanía a empregalo na Administración.

Desde ese mesmo ano dispón de Normas ortográficas e morfolóxicas.

No ensino a súa aprendizaxe é voluntaria.



A diversidade lingüística no Estado. **Aragonés**

Non oficiais: aragonés e asturiano.

Conta cuns 25.000 mil falantes, pero é entendido polo dobre, é falado en Aragón.

Adquiriu certa importancia como lingua notarial e xurídica coas institucións da Coroa de Aragón (xunto co latín e o catalán) no S. XIV.

A mediados do S. XV comezou o seu proceso de decadencia.

A diversidade lingüística no Estado. **Aragonés**

Careceu de recoñecemento e protección oficial até 1996. A partir desa data inclúese como materia optativa na secundaria.



A diversidade lingüística no Estado. **Aragonés**

A primeira gramática é de 1977 e a primeira normativa ortográfica de 1987.



A diversidade lingüística no Estado. Aranés

Cooficiais: galego, catalán, éuscaro e aranés.

Conta cuns 3.000 mil falantes, é falado no Val de Arán (Pirineo de Lleida), fóra do Estado fálase no sur de Francia (occitano).

Adquire a categoría de cooficial en Cataluña no ano 2010.

Dispón de normas ortográficas propias desde 1982 e está presente na escola desde o curso 1983 / 1984.

A diversidade lingüística no Estado. Galego

Cooficiais: galego, catalán, éuscaro e aranés.

Conta cuns 2.500.000 de falantes. Até finais da IM conformou un mesmo idioma xunto co portugués. Neste período gozou dun gran **prestixio**.



A diversidade lingüística no Estado. Galego

- Durante o reinado dos RR.CC. sufriu unha longa etapa de marxinação (Séculos escuros).
- A súa recuperación comeza no S. XIX (Rexurdimento): gramáticas, dicionarios.
- En 1906 fúndase a RAG.
- A primeira normativa ortográfica e morfolóxica chegou da man das Irmandades da Fala.
- Regresión durante o franquismo: perda de falantes nos ámbitos urbanos.

A diversidade lingüística no Estado. Galego

- En 1981 é proclamada lingua oficial (Estatuto de Autonomía de Galiza).
- En 1983 coa aprobación da Lei de Normalización Lingüística. Neste mesmo ano aprobouse un estándar oficial para a nosa lingua.
- Segundo os últimos datos, o galego xa non é a lingua maioritaria da poboación galega: os problemas residen na ruptura da transmisión xeracional, na escasa oferta de lecer en galego para a mocidade ou en prexuízos.

A diversidade lingüística no Estado. Galego

Galego exterior: [Castela e León](#) (Escolas oficiais de idiomas, escolas e institutos), Asturias, no Val de Xálima (Cáceres)



A diversidade lingüística no Estado. Galego

Cada verán a USC organiza [cursos de lingua](#) e cultura galega en Santiago para persoas universitarias estranxeiras.

Cada ano a Xunta envía [lectores e lectoras](#) de galego a diferentes universidades.

Por que credes que hai xente que quere aprender a nosa lingua?



A diversidade lingüística no Estado. A lusofonia

A partir da independencia de Portugal (S XII) e a perda de independencia política do Reino de Galiza o idioma común foi distanciándose.

O português convértese nun **idioma de cultura.**

Esténdese por territorios americanos, africanos e asiáticos.




A diversidade lingüística no Estado. A lusofonía

Actualmente fálase en Portugal, Cabo Verde, Guiné-Bissau, São Tomé e Príncipe, Angola, Mozambique, Timor-Leste e Brasil.

Tamén na cidade chinesa de Macau.

A diversidade lingüística no Estado. A lusofonía



A diversidade lingüística no Estado. A lusofonía

Que se entende por lusofonía?

O galego forma parte da lusofonía? Por que?



A diversidade lingüística no Estado. A lusofonía

Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal

Ponte nas ondas! (proxecto conxunto de radio escolar)

Cantos na Maré (proxecto musical)

Iniciativa lexislativa popular Paz Andrade
(introdución do portugués no ensino e o fomento de relacións culturais e empresariais)

Proxectos teatrais

Circular CIUG

Pregunta 4. Lingua e sociedade

O alumnado debe ser quen de aplicar os conceptos teóricos aprendidos neste bloque á análise dun estímulo, que pode ser unha viñeta, un texto breve, un gráfico etc. Presentaranse 2 opcións para escolleren 1. (Extensión aprox. 250 palabras) (2.5 puntos).